

Folgas ferroviarias en Renfe Galicia



Unha vez que os Ministerios de Facenda e Fomento aproban taxas de reposición ridículas que non solucionan os problemas estruturais do Grupo Renfe e a empresa mantén unha actitude de intransixencia, @s traballador@s só quedanos un camiño, a mobilización.

É principio e deber de calquera Sindicato defender, ata onde a razón esixe, os dereitos laborais dos seus representade@s; polo que CGT vai canalizar todo o enfado e a rabia d@s traballadores/as e enfrontalos á tozudez da Dirección e o Ministerio convocando paros ao longo do período estival.

CGT convocou paros nas seguintes datas e horarios:

Día 31 de JULIO, de 12:00 a 16:00 horas e de 20:00 a 24:00.

Día 14 de AGOSTO, de 12:00 a 16:00 horas
e de 20:00 a 24:00.

Día 30 de AGOSTO, de 12:00 a 16:00 horas
e de 20:00 a 24:00.

Día 1 de SEPTEMBRO, de 12:00 a 16:00 horas
e de 20:00 a 24:00.

Con estes paros, **CGT**

busca un aumento dunhas taxas de reposición de plantilla que conduzan :

- Mellora dos servizos que prestamos á cidadanía, atendendo a que cada día aumentan as incidencias nos servizos ferroviarios, como avarías do Aire Acondicionado en trens de Longa Distancia, retrasos por falla de vehículos ferroviarios ou falla de maquinistas, con trasbordos a autobuses, etc.

Así mesmo aumentan os trens que circulan sen Interventor por falta de persoal. En 2018 circularon en Galiza 5.200 trens de Media Distancia sen persoal de comercial abordo, a maioría entre Coruña e Vigo e no primeiro semestre de 2019 xa circularon 2.480 mantendose a tendencia.

- Cada día mais cargas de traballo se están desviando as empresas privadas, dende a venda de billetes (Guillarei, O Barco, A Rúa, Ribadavia, Sarria, O Carballiño) ata a reparación de trens na Base de Mantemento de Redondela, pasando pola venda de billetes en trens como na liña Ferrol-Ribadeo onde subcontrataron a Logirail para facer estes traballos propios de RENFE.

Serían moitos os exemplos que inciden nas extensas carencias producidas pola falta de cadro de persoal e as taxas de reposición máis que insuficientes, que non son capaces de manter e garantir a prestación duns servizos de calidade e garantías dun ferrocarril para a maioría de cidadáns.

Derivado desta falta de persoal, chegouse á imposibilidade de cumprir o espírito do Real Decreto 6/2018 que é o aumento de emprego e a conciliación familiar polo que se tería que reducir a xornada laboral semanal a 37.5 h. porque de maneira unilateral, Renfe impuxo unha redución de xornada con 17 minutos diarios de reaxuste e dous días ao ano que máis do 80% do persoal non poderá gozar nas datas que sinalaron.

Sector Ferroviario da CGT de Galicia